

THE WITCH, UN ESPECTÁCULO RITUAL

Cía. Diana Sieira

THE WITCH DI...

"Ulan as súas mans. Lavanda. A lavanda é relaxante e desinfectante, moi acaída para estes tempos. O seu nome provén do verbo latín *lavare*. E lavare é o que imos facere co nome da nosa Witch.

A nosa protagonista chámase Witch, e non bruxa, porque non é mala. Witch, e non meiga, porque non é boa. Non é máis que unha muller. Iso si, unha muller sabia. Que é exactamente o que significa Witch. Muller sabia.

Se fai maxia ou non, queda á súa escolla."

¿QUE? ¿POR QUE?

The Witch é un espectáculo sobre a **caza de bruxas**.

Como galega, pregúntome: **¿habelas hainas?**

Como artista, respondo: sí, pero non como nos fixeron crer...

Voar ó akelarre, comer bebés, pactar co diaño...!

Todo isto parécenos reseso e obsoleto. Non obstante, no pasado, estas acusacións levaron a **milleiros de mulleres á fogueira**.

A revisión desta historia, como Silvia Federici ben sabe, fainos comprender a situación da muller na actualidade.

O movemento W.I.T.C.H. dos anos 60 apropiouse da figura da bruxa para crear un **teatro de guerrilla** que lles permitira cambiar a historia.

¿Temos poderes? Usémoslos!


Así que aquí se presenta esta moderna Witch, facendo uso de **todo o poder da comedia** e un pouquiño de drama para darlle a volta á tortilla e tentar que a historia non se repita.

Como dixo Franca Rame "Son Bruxa porque as fogueiras aínda existen e eu -antes ou despois- podería acabar dentro."



THE WITCH, UN ESPECTÁCULO RITUAL

Cía. Diana Sieira

Onte foi moito [Diana Sieira](#), a tua interpretación foi maravilla pura, os pelos e o corasóns como escarpías. Grazas por tanto. Préstasme 

O que onte fixo [Diana Sieira](#) foi doutro plano!! Levounos nunha viaxe na que nos sacudiu dende dentro ata fóra! Paseouse coma pola súa casa entre a comedia, o drama o teatro físico e a delicadeza máis absoluta, poñéndonos ao tanto dunha historia verdadeira que atravesa os tempos dende o pasado ata o presente. Con cada detalle coidado! As animacións dunha beleza sublime, a escenografía e a luz perfectas e o baile, o baile entre emocións que quitaba o alento! Admiroua, quéroa e estou moi orgullosa dela! Éxitos, amiga!!

Longa vida a The Witch! 

E grazas, grazas, grazas por agasallárnola!!

Un espectáculo redondo, un cuidado y artesanal decorado, una luz que convertía a Diana en un ser feo y desagradable y tras un sencillo moviento en bella y deliciosa. Magia en escena y magia en el patico de butacas, todos embaucados y completamente fascinados. En un momento conmmovidos tras una carcajada.... Emocionados. Una montaña rusa de sensaciones. Un espectáculo que se ve, se siente y se huele (siiii amigos tambiense huele) En definitiva, gracias Diana por hacernos vivirlo.



THE WITCH, UN ESPECTÁCULO RITUAL

Cía. Diana Sieira

SINOPSE

The Witch é unha invocación aos elementos. Unha palabra máxica. Unha liberación. Un espectáculo ritual que convida ao público a vivilo.

Dentro, a Cómica, a Menciñeira e a Acusada entrelazan as súas historias a través da palabra, a imaxe e a acción para rematar nunha danza catárquica que as levará á fogueira (ou non).

Pois as tres son unha. E unha son as tres.

A Inquisición observa, pero neste ritual, o público é soberano.

TEATRO RITUAL

The Witch é un espectáculo no que o público participa a través de pequenos xogos, outorgándolle unha maior implicación na historia.

Os xogos siguen a estrutura do **xogo do clown**: eu douche, ti dasme, e de paso botamos unhas risas.

O espectáculo é presentado pola **actriz cabareteira**, que é a que se gaña ao público coa súa vis cómica.

Logo aproveitaranse deste vínculo xa creado as diferentes personaxes nas que a actriz se converte: a menciñeira, a acusada, o inquisidor... **Todo é un xogo!**

E mentres xogamos, **a historia é contada.**

E mentres xogamos, as cousas vanse poñendo serias. Así, as escenas van pasando da comedia ó drama, do pasado ó presente, do real ao ficticio, para ver finalmente saír á nosa protagonista camiño da súa condena... ou non!

Non en van, a Witch ensinouche a facer os teus propios rituales. Se ti herdas esta sabedoría, The Witch permanece inmortal.

E así permanece no noso público, como dan conta as súas propias palabras neste documento.



THE WITCH, UN ESPECTÁCULO RITUAL

Cía. Diana Sieira

Parabéns Diana...
Canto nos gustou a obra... Estiveches
espectacular... Todo pensado...nin un
detalle fóra de punto...
disfrutamos moitísimo.
Noraboa querida...



Que bonita ti e a túa obra. Desas que
deixan resaca da boa. Mil grazas!!! Goza
da túa borracheira emocional post estrea.

Lo que hiciste hoy en ese
escenario, además del enorme
talento que es vox.populi que
tienes, requiere de un estudio
(académico y pagano), un
esfuerzo y unos OVARIOS
como catedrales. Admiro
profundamente tu capacidad
de sumergirte en la negrura y
salir brillante del otro lado. Te
vi. Te veo. Hoy fuiste puto arte
del bueno y no puedo más que
agradecerte por dejar un pe-
dazo tuyo en esa sala para de-
licia de todos los que tuvimos
el honor de sentir cada una de
las vueltas de la montaña rusa
emocional que es The Witch.
No se va a caer, lo vamos a
quemar. Lume y a vivir. Sigue
haciéndole honor a tu nombre,
diosa. Gracias por ser.

Onte a Witch fixo o seu feitizo! Unha honra
poder estar o día da estrea. Brava **Diana Sieira!**
Unha bestia parda no escenario! Todo canto
podería engadir sería quedarme moi, moi, moi
curta. Grazas polo traballazo e noraboa polo
resultado! Non a perdades!

E sí, estades no certo, adoro a esta muller! 🎉



Hola diana, gran trabajo ayer en
el forum, enhorabuena!,
Pensaba que iba a ser todo
mas frío y esotérico, pero
animaste el show muchísimo y
se agradece 😊 Espero que la
obra se mueva mucho y tengas
mas funciones! Saludos y un
abrazo wapa 🤗



THE WITCH, UN ESPECTÁCULO RITUAL

Cía. Diana Sieira

O AKELARRE

Este feitizo é posible gracias a: **Concello da Coruña, Normal, Salón Teatro e Forum Metropolitano.**

Tamén ó akelarre que rodea á nosa Witch:

o veterano e querido **Manuel Lourenzo**, Premio Nacional de Literatura Dramática, xunto con **Marita Martínez**, cómica de renome, poñen voz ás increíbles animacións de **Isa Vila**, unha delicia visual da Witch. Firma a escenografía **Ezra Moreno**, artista de percorrido internacional ca súa compañía *El Retrete de Dorian Gray*. Como el mesmo diría: "me sabe mal decirlo, pero ha quedado todo fabuloso".

O vestiario magnífico, de **Anahí Taraburelli**, que fixo un paréntese co *Circo do Sol* e *Tirabeque Ka'avo* para vestir á Witch. Tamén parou os seus quefaceres diarios na Televisión de Galicia **Iván Castro**, conseguindo uns retratos totalmente cinematográficos do espectáculo. Artistas como o guitarrista premiado internacionalmente **Wilfried Wilde** e os increíbles feiticeiros da psicodelia galaica **Moura**, poñen a banda sonora.

Outra poderosa meiga-clown do norte puxo ó servicio de The Witch as súas mellores pócemas e encantamentos de dirección: **Natalia Pajarito**.

Á grabación de son **Nacho Martín**, habitual dos teatros galegos e xefe técnico de Elefante Elegante. Claro que todo isto non sería posible sin o mago nas sombras. **Germán Gundín** fixo que esta creación cobre sentido, dándolle o espazo máxico que merece. As súas luces, efectos sonoros e programas varios fan que en xira o *abracadabra* resulte sinxelo.

E é precisamente tan necesario fóra de escena, porque, donas e cabaleiros, **Diana Sieira** é a única deste akelarre que finalmente pisa as tablas.



THE WITCH, UN ESPECTÁCULO RITUAL

Cía. Diana Sieira

ANTES DE...

Diplomada en Interpretación e Técnico Superior de Producción,

Diana Sieira percorre os escenarios galegos desde 2005 con Carfax Teatro, o Coro da Rá, Manicómicos, Niñas de la Risa e Paso de Valverde.

Tamén puidemos vela en TVG dirixindo e presentando unha sección de circo pola que fixo pasar aos máis relevantes artistas internacionais desta disciplina durante 8 anos.

Paralelamente, desenvolve a súa carreira de productora en innumerables proxectos escénicos e audiovisuales, moitos deles de carácter internacional, traballando para Pedro Almodóvar, Sting, Shakira, Circo do Sol e un largo etcétera de artistas de renome.

En 2020 pon comezo ao seu proxecto teatral propio, que nace ca creación de THE WITCH.

TRAILER DA ESTREA

Forum Metropolitano, 8/10/21

[CLIC PARA ACCEDER](#)

PÚBLICO E DURACIÓN

Recomendado para maiores de 12 años

Duración: 70 minutos

CONTACTO

Diana Sieira

630133403

dianasieira.distri@gmail.com

Ficha técnica/Rider The Witch, de Diana Sieira

Contacto: Germán Gundín: 615 475 803

RIDER DA MONTAXE COMPLETA, CONSULTAR PARA ADAPTACIÓN A MÍNIMOS.

Espazo

-Embocadura: ideal 8, mínimo 6.

-Boca a fondo: ideal 7 incluído un metro de proscenio/gravata; mínimo 5

No caso dos mínimos consultar

Maquinaria

-Vara manual ou contrapesada a 1 m do fondo, por detrás da vara electrificada de contra. Se colgarán telas de escenografía para a proxección.

-Vara manual ou contrapesada a 2,5-3m dende boca

-2 xogos de patas negras

-Bambolinas para as varas de luces

-Tapón negro ou fondo negro

Iluminación

-21 canles de dimmer

-3 varas electrificadas

-3 peanas

-Aparatos:

- 6 PAR nº5
- 5 Recorte ETC S4 25/50° + 2 portagobo (gobo tipo B)
- 17 PC 1kW (máis viseras)
- 2 Recorte ETC S4 15/30°
- 1 Recorte tipo ETC 25-50° Jr con iris
- luz de sala (2 panoramas)

Son

- 2 micrófonos tipo Shure 58
- 2 micrófonos de condensador tipo lapis para captar público (aporta a compañía)
- Tarxeta de son de dúas entradas de micro para grabar a participación do público (aporta a compañía)
- PA axeitada ao espazo
- Monitoraxe: 2 caixas autoamplificadas, unha por ombreiro
- Consola mezcladora de son (mínimo: 2 canles para micro 1 canle estéreo para o mac)
- 2-4 Pes de micro (bonsai ou de mesa)

Audiovisuais

-Proxector ≥ 3000 lm (de non ter contactar coa compañía) con entrada HDMI

-Shutter por DMX para o proxector (si é de lámpada, obviar se é laser)

-Óptica: A) teleobxectivo se o proxector está no patio de butacas ou

B) Óptica gran angular (1.25 ou 1) se se pendura da primeira vara ou similar

-Columpio ou sistema de ancoraxe para o proxector axeitado ao peso.

-Envío de HDMI de cabina a proxector (extensor, cable, etc.)

NOTA:

Existe a posibilidade de facer unha adaptación con PARLEDs ==> RGBW

Mínimo 2 PARLED con RGBW. Consultar á Compañía

Lenda

Light Plot

THE WITCH


Venue:

PLANO DE XIRA ADAPTABLE

Designer:

GERMÁN GUNDÍN

26/10/21



- PAR 64 N° 5 x 6
- 25-50° ETC S4 X 5
- 15-30° ETC S4 x 2
- 25-50° S4 jr x1
- PC 1 kW x 17
- PROXECTOR 4500 lm
- ÓPTICA DO PROXECTOR 1.25 min.
- DIRECTO
- LUZ DE PÚBLICO (PANORAMA)
- MICRÓFONO 58 + PE DE MICRO